

CONVENIO ENTRE O OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO, S.A.D. E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O ANO 2021.

Dunha parte, D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

Doutra parte, D. Raúl José López López, con documento nacional de identidade número 33 803 327C, Presidente do OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO SAD, con domicilio social en Santiago de Compostela na rúa Diego Bernal s/n, con CIF A70334875, co número de Rexistro na Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia S-12183 e no Rexistro de Asociacións Deportivas do Consello Superior de Deportes, co número 122, no libro do rexistro de Sociedades Anónimas Deportivas.

Interveñen ambos coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

- I. Que o presente convenio regularase polo disposto na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, e polo definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- II. Que o Concello de Santiago de Compostela é competente en materia de promoción deportiva ao abeiro do disposto no artigo 25.2.I da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e no artigo 8 da Lei 3/2012, de 02 de abril, de deporte de Galicia.
- III. Que son os convenios o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, segundo se establece especificamente nos artigos 47.2.c e 48.7 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, no artigo 28 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no artigo 26 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así como, de forma específica no artigo 31.10 das Bases de execución do orzamento municipal.
- IV. O Concello de Santiago para levar a cabo coa colaboración de OBRADOIRO CLUB DE AMIGOS BALONCESTO SAD (en adiante OBRADOIRO CAB SAD) o obxecto deste convenio, estará ao previsto nas Bases de execución do orzamento do Concello de Santiago de Compostela para o ano 2021, que de acordo co establecido no seu artigo 33.2, anexos IV e VII achegará a cantidade de **cento vinte mil euros (120.000 €)** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4790001.

É, polo que as partes

MANIFESTAN

- I. Que o OBRADOIRO CAB SAD é o club máis representativo a nivel local na modalidade de baloncesto, dado que está a participar na primeira división nacional (Liga Endesa – ACB) —máxima categoría neste deporte—, o que o converte nun referente local a nivel deportivo e social.
- II. Que o Concello de Santiago considera importante establecer acordos de colaboración coa mencionada entidade co fin de garantir a súa presenza na elite do deporte de competición, considerando que é positivo polo que supón para a promoción da cidade, así como, de exemplo e motivación para o deporte de base. En consecuencia,

CONVEÑEN

1º.- É obxecto deste convenio subvencionar parte dos gastos necesarios para que o OBRADOIRO CAB SAD compita durante o ano 2021 na **Liga profesional de baloncesto ACB, denominada Liga Endesa**. Isto significa que deberá participar na mencionada categoría deportiva durante as tempadas 2020/21 e 2021/22.

2º.- O OBRADOIRO CAB SAD comprométese a presentar antes da sinatura do presente convenio, para que forme parte do mesmo, a seguinte documentación:

2.1.- Copia da escritura de constitución da Sociedade Anónima. Acreditación da representación da mesma no suposto de non empregar un certificado dixital de representación da persoa xurídica.

2.2.- Certificación oficial da ACB polo que se acredita a súa participación na liga ENDESA durante a tempada 2020/21. O certificado que acredite a súa participación na tempada 2021/22 poderá ser requirido no momento en que proceda polo Concello de Santiago e, en todo caso, será presentado no momento da xustificación do convenio.

2.3.- Certificación do club, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento xeral de gastos e ingresos aprobados para a tempada 2020/21 da categoría obxecto de subvención.

Deberá presentarse a liquidación do orzamento correspondente á tempada 2019/20 asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente indicando a data da súa aprobación por parte da asemblea xeral da entidade.

2.4.- Certificación do club, asinada polo Secretario co visto e praxe do Presidente, do orzamento previsto de gastos e ingresos para a tempada 2021/22 da categoría obxecto de subvención. Este orzamento poderá ser requirido no momento en que proceda polo Concello de Santiago e, en todo caso, será presentado no momento da xustificación do convenio.

2.5.- Certificacións oficiais de estar ao corrente nos pagos coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa facenda da Comunidade Autónoma e co Concello de Santiago.

2.6.- Declaración xurada do Presidente de non estar incurso, a entidade que representa, nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria da subvención establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

2.7.- Copia do CIF da Entidade

2.8.- Impreso selado pola entidade bancaria que corresponda, no que figure OBRADOIRO CAB SAD como titular e o seu número de conta, no que se faga constar o BIC e o IBAN.

3º.- Ademais do anterior, en cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, o persoal, colaboradores ou voluntarios da entidade beneficiaria que estean en contacto habitual con menores, non poderán ter sido condenados por sentenza firme por delito algún contra a liberdade e indemnidade sexual, ou a trata de seres humanos. Para tal efecto, estas persoas deberán acreditar ante a entidade

beneficiaria, que achegará declaración xurada nese senso, dita circunstancia mediante a presentación de certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.

4º.- O Concello de Santiago comprométese a subvencionar no ano 2021 ao OBRADOIRO CAB SAD coa cantidade de **120.000 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 090 34100 4790001, destinados a colaborar no financiamento do gasto que supón a participación na competición indicada no punto 1º deste convenio.

4.1.- Destes 120.000 €, a efectos de xustificación, 110.000,00 € estarán vinculados coa tempada 2020/21, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que figuran no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2021 (1 de xaneiro-30 de xuño):

Fegaba, dereitos de mesa e arbitaxes	4.460,00 €
Seguridade privada (vixilancia partidos ACB)	1.300,00 €
Persoal de organización para os partidos como local	2.660,00 €
Desprazamentos e hoteis	77.910,00 €
Axentes Xogadores	45.620,00 €
Leds U-TV, pantallas e video	10.000,00 €
Total orzamento por estes conceptos	141.950,00 €

4.2.- Os 10.000,00 € restantes, a efectos de xustificación, estarán vinculados coa tempada 2021/22, e estarán destinados a financiar os seguintes conceptos de gastos que deberán figurar obrigatoriamente no seu orzamento, todos eles correspondentes ao ano 2021 (1 de xullo-décembro de 2021):

Inscripción Fegaba	2.000,00 €
Mutualidades Fegaba	5.556,00 €
Axentes Xogadores	6.250,00 €
Total orzamento por estes conceptos	13.806,00 €

A contribución municipal manterase sempre e cando, en concorrencia con outras axudas, subvencións, ingresos ou recursos públicos ou privados, non se supere o orzamento total de gastos presentado polo OBRADOIRO CAB SAD para cada unha das tempadas indicadas.

5º.- O OBRADOIRO CAB SAD, ao efecto de publicitar a colaboración do Concello de Santiago comprométese, en virtude deste convenio á:

5.1.- Colocación de valados publicitarios co lema *Concello de Santiago* en zonas visíbeis e principais nos recintos deportivos de Santiago nos que o Club celebre os seus encontros, así como, na pista de xogo do Edificio Multiusos Fontes do Sar.

5.2.- Publicitar a colaboración do Concello de Santiago na web da entidade, nas súas redes sociais, así como, durante as roldas de prensa que se desenvolvan no Edificio Multiusos.

6º.- O pago efectuarase nun único prazo previa xustificación do interesado. A xustificación rematará o **30 de xaneiro de 2022**.

Para facelo efectivo é condición necesaria que o OBRADOIRO CAB SAD presente no Rexistro Municipal do Concello de Santiago, **sempre antes da data indicada no parágrafo anterior**, a seguinte documentación para a xustificación do convenio:

6.1.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade ter cumprido os compromisos especificados no punto 5º do presente convenio. Presentaranse como xustificantes recortes de prensa, fotografías, así como modelos de cartaces, entradas, abonos,, se existen, nos que se observe con claridade o cumprimento da parte que lles corresponde do establecido neste convenio.

O Concello de Santiago poderá solicitar calquera outra documentación que estime oportuna para verificar o cumprimento do definido no punto 5º tal como videos, declaracións complementarias, etc.

6.2.- Facturas oficiais ou fotocopias compulsadas que se correspondan cos conceptos de gastos que figuran no apartado 4º do presente convenio, todas elas referidas ao ano 2021, debendo acreditarse o seu pagamento mediante transferencia bancaria con anterioridade a data límite de xustificación. A efectos de xustificación non se considera o IVE das facturas en base ao establecido no artigo 31.8 da Lei Xeral de Subvencións.

A contía a xustificar será polo importe total dos gastos realizados á data de presentación da xustificación do convenio e polos conceptos sinalados na cláusula 4ª. Tendo en conta que os gastos obxecto de subvención considéranse en base aos orzamentos da entidade para cada tempada deportiva, poderanse admitir desviacións ou alteracións na súa xustificación, sempre e cando, se manteña a finalidade do convenio e o xustificado supere o importe da subvención recollida no mesmo.

Excepcionalmente, e de forma xustificada, admitirase o pago en efectivo de facturas por importe inferior a 600 €, para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagados baixo outra modalidade (por exemplo, subministros adquiridos en establecementos públicos como gasoleiras, supermercados, etc). Xustificarse o gasto mediante factura ou recibo asinado polo acredor indicando a data de abono, debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

6.3.- Declaración asinada polo presidente da Entidade na que se indique, baixo a súa responsabilidade, que as axudas, subvencións, ingresos e recursos públicos ou privados, tanto os solicitados/previstos coma os acadados/concedidos, xunto coa subvención do Concello de Santiago non superaron e non está previsto que superen o orzamento de gastos do OBRADOIRO CAB SAD en cada unha das tempadas previstas neste convenio, nin cada un dos conceptos de gasto para os que se concede a subvención, previstos no artigo 4.1 e 4.2.

6.4.- Liquidación do orzamento de gastos e ingresos da entidade e da categoría obxecto de subvención correspondente á tempada 2020/2021. De non ser posible a súa presentación deberá motivarse esta circunstancia.

6.5.- No momento inmediatamente anterior ao pago e no momento da xustificación **deberase acreditar que a entidade está ao corrente nos pagos** coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, facenda da Comunidade Autónoma

e o propio Concello de Santiago mediante certificacións das administracións correspondentes.

6.6.- Coa xustificación, a maiores, se deberá presentar a documentación acreditativa que se solicita nos apartados 2.2 e 2.4 do presente convenio.

7º.- O prazo de vixencia deste convenio é desde o 1 de xaneiro de 2021 ata o 30 de xaneiro de 2022.

8º.- O incumprimento das obrigas que se impoñen ao interesado levará consigo a restitución dos importes dos pagos da subvención que en cada caso se tivese efectuado.

9º.- Polo Concello poderá esixirse, aparte das condicións establecidas neste convenio, as fórmulas de xustificación de cumprimento de obrigacións que se estimen convenientes.

10º.- Con respecto aos libros e rexistros contables que deba levar o OBRADOIRO CAB SAD, así como para reintegro de fondos, en caso de incumprimento e demais medidas de control e inspección, estarase ao disposto na lei 38/2003 xeral de subvencións e demais lexislación que no seu caso sexa de aplicación.

11º.- A contratación con terceiros para a execución dos servizos, asistencia ou subministros necesarios por valores superiores a 15.000 € recollidos como gasto obxecto de subvención no punto cuarto deste convenio, realizaranse con suxeición ás normas de contratación do sector público garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrência, igualdade e non discriminación.

12º.- De conformidade ao disposto no artigo 70.3 do regulamento da Lei de Subvencións (RD 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido o prazo de xustificación sen que se teña recibido xustificación ningunha, remitirase un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falta de xustificación da subvención neste prazo adicional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

13º.- O importe da subvención especificada neste convenio, cando proceda o pago do mesmo, deberá ser ingresado no número de conta **ES92 2080 0375 1130 4001 6453 (CAGLESMMXXX)**.

14º.- As actuacións en materia de protección de datos de carácter persoal axustaranse ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o seu regulamento; e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

15º.- Son causas de resolución deste convenio, de acordo coa lexislación vixente, o incumprimento de calquera cláusula establecida no mesmo, e concretamente:

- a) Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- b) Incumprimento das cláusulas establecidas no convenio específico de colaboración.
- c) Mutuo acordo entre as partes.
- d) O vencemento do seu prazo.
- e) A declaración xudicial de nulidade do convenio.

16º.- O presente convenio de colaboración ten natureza administrativa e está expresamente excluído do ámbito de aplicación da Lei, 9/2017, do 08 de novembro, de Contratos do Sector

Público segundo o sinalado no seu art. 6.2), sen prexuízo da súa posible aplicación con carácter supletorio.

Non obstante o anterior, as cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da vixilancia e control, interpretación, resolución e efectos do mesmo, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, segundo establece o artigo 46.4 da Lei 29/1998, reguladora desta xurisdición. Para este efecto, será competente o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.

Polo CONCELLO DE SANTIAGO

Polo OBRADOIRO CAB SAD

Asdo.: Xosé A. Sánchez Bugallo
ALCALDE

Asdo.: Raúl José López López
PRESIDENTE